

**SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE A
PETICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE A.E.R. EN RELACIÓN COS VERTIDOS NO
RÍO ALVEDOSA**

PLENO 6 SETEMBRO 2012. ACTA 13/2012

O pasado día 08/06/2012 producíse un vertido de augas fecais no río Alvedosa que provocou a mortalidade dun alto número de peixes, dando por sentado que ese vertido procedía da EDAR de Redondela, a falta do informe do Seprona. Son coñecidos por todos os numerosos vertidos que esta EDAR leva facendo ao longo dos anos.

Pedimos a comparecencia do concelleiro de Medio Ambiente para que dea explicacións e responda ás seguintes preguntas:

Temos o informe do Seprona? Se é así, que di? Teñen feita algunha xestión ante Augas de Galiza para que apliquen as sancións correspondentes?

O concelleiro Alvarez Ballesteros di que actuaron en canto tiveron coñecemento do tema e se colleron mostras de auga e houbo queixas a Augas de Galicia e chamada do Alcalde ao Subdelegado do Goberno. As conclusións do SEPRONA non foron concluintes. Tamén dí que houbo varias actuacións da policía local e que estiveron constantemente en contacto cos veciños para resolver os problemas.

O concelleiro Varela Couñago dí que a EDAR está a incumprir a normativa. Tamén dí que agora se pretende rodear de bambú que é unha especie moi invasora. Pensa que con respecto ás obras do AVE poden porse multas.

O concelleiro Alvarez Ballesteros dí que tratan de minimizar os efectos da EDAR que xa é un pouco antiga. Se pensou no bambú para rodeala porque é rápido e resistente e hai especies que non son invasoras. O importante é minimizar os cheiros e facer unha obra de desodorización.